EXERCICIO DA MATERIA *FILOSOFÍA E CIDADANÍA*

Dossier sobre: *Os retos morais da sociedade actual*

Trátase dun pequeno traballo (uns dous folios) de tratamento da información recollida a través de diferentes medios de comunicación (prensa, TV, internet, etc.) sobre os problemas morais máis importantes que presentan as sociedades contemporáneas, para despois posicionarse ante eles dende as diferentes perspectivas que nos ofrecen as teorías éticas de maior actualidade, xa estudadas anteriormente. A súa finalidade é a de estimular a aprendizaxe e investigación autónoma, así como a transferencia e aplicación do aprendido ás situacións reais. Consta de dúas partes:

1ª parte: Recollida de información sobre os principais problemas que presenta o mundo actual. No documento básico desta sección mencionábanse algúns como o hedonismo consumista, a globalización, e o multiculturalismo. Preténdese agora facer unha análise máis detallado dos grandes problemas actuais dun xeito organizado.
Por exemplo, a globalización presenta problemas diversos que hai que encarar, tales como a) defensa do medio ambiente, cambio climático, etc. b) crise económica…, c) desigualdades económicas, pobreza e fame… d) choque de civilizacións, terrorismo internacional, etc.
O hedonismo característico das nosas sociedades desenvoltas presenta tamén problemas importantes: a) a necesidade de asegurar servizos sociais efectivos e de calidade (sanidade…, educación, etc.), b) os problemas xerados ao redor das investigacións xenéticas e biomédicas, c) as drogadiccións, d) o "despilfarro" ou malgasto consumista, b) o "capitalismo de casino" que busca a ganancia rápida, etc.
Non se trata de facer unha relación exhaustiva, pero si de describir con certo detalle algúns dos máis importantes problemas e dilemas actuais.

2ª parte: Trátase de tomar posición nos diferentes problemas descritos dende a perspectiva das diferentes teorías éticas estudadas, especialmente dende:
o Utilitarismo: "a maior felicidade para o maior número",
o Neocontractualismo de Rawls: "uns mínimos de xustiza social dende unha posición de imparcialidade", e
a Ética discursiva de Habermas: "buscar consensos básicos dende un diálogo argumentativo no que se teñan en conta os intereses de todos os afectados".
Sinalar achegas e deficiencias das diferentes teorías de cara a estes problemas, así como as súas converxencias ou diverxencias.